

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE MELLORA DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS

A Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, é o órgano da Administración galega ao cal baixo a superior dirección da persoa titular do departamento lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias entre outras en materia de desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais e prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

A Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias, responsabilizarase de cantas accións teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestrutura, sen prexuízo das competencias doutros departamentos da Xunta de Galicia, así como das actuacións en materia de modernización e creación de regadíos, así como todos os asuntos referentes á reforma das estruturas agrarias e á preparación, execución e vixilancia dos seus correspondentes plans e programas de reforma das estruturas.

A Consellería, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, determinará as actuacións a realizar en distintos concellos de Galicia que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan:

- Contemplará proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva do medio rural, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e contribuir a fixar poboación.

-Poderanse incluír obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren dentro da competencia desta Consellería.

Os plans anuais de infraestruturas rurais contemplan actuacións a través da sinatura de convenios con determinados concellos.

O Consello da Xunta, o día 2 de xuño de 2025, autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Vilanova de Arousa para a execución da obra denominada: "Mellora na rede de saneamento nos novos viais da parcelaria en Baión". O convenio entrou en vigor o día 5 de xuño de 2025, data da súa sinatura.





De acordo coa cláusula terceira do convenio, o financiamento do importe máximo desta obra ascende á contía de 277.794,28 € con cargo a fondos propios libres da aplicación orzamentaria 15.06.551A.604.1 para a anualidade 2025.

O 14-07-2025 asinouse Orde de execución da Encarga ao medio propio Empresa de Transformación Agraria, SA, SME, MP (TRAGSA) para a execución do proxecto de referencia por un importe de 277.794,28 € e un prazo de execución de 4 meses. O 13-08-2025 asinouse acta de comprobación do replanteo determinando a viabilidade da execución da obra.

Diversas circunstancias alleas á vontade do medio propio fixeron que as obras se foran retrasando, ao que debe engadirse as malas condicións climatolóxicas para acometer obras de entubado para saneamento, o que fixo imposible o seu remate no prazo determinado para a súa execución.

A cláusula sétima do convenio establece que este permanecerá vixente ata o remate da actuación contemplada no mesmo, a comunicación da recepción das obras ao Concello e a formalización da acta de entrega. De acordo coa cláusula novena as modificacións do Convenio formalizaranse mediante *addenda*.

Visto o anterior, tendo en conta que as actuacións exceden a anualidade de 2025, faise necesaria a sinatura dunha *addenda* ao convenio asinado no sentido de modificar as cláusulas segunda e terceira co obxecto de reaxustar as anualidades, quedando as devanditas anualidades establecidas do seguinte xeito:

- Anualidade 2025: 129.533,26 €
- Anualidade 2026: 148.261,02 €

E para que conste, asino a presente memoria en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A directora xeral de Desenvolvemento Rural

M.^a Paz Rodríguez Rivera

